

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Psicoloxía	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A Psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación. Desde uns antecedentes históricos afastados, moi ligados ao desenvolvemento do saber filosófico, a Psicoloxía evolucionou cun cariz, en certo xeito, bifronte. Por unha banda, ten unha indubidable filiación humanística; por outra parte, a súa temática busca regularidades e explicacións científicas. Con estas características distintivas, polo seu obxecto de estudo e a súa metodoloxía, a Psicoloxía pódese considerar unha disciplina moi interesante para o alumnado de segundo de bacharelato, cunha indubidable vertente práctica, na medida en que o axudará a coñecerse mellor como individuo, a desenvolverse como persoa e, ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita.

A propia complexidade, inscrita de seu no propio ser humano, faise visible na súa capacidade de relación con outros saberes, sinaladamente coa bioloxía, a socioloxía, a química e, desde logo, a filosofía. O significativo carácter dual da Psicoloxía pode axudar a desenvolver e adquirir de xeito especial as seguintes competencias clave: as vencelladas á competencia persoal, social e de aprender a aprender, a competencia cidadá e a competencia en conciencia e expresións culturais, así como a competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. Trátase, xa que logo, dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, se pode converter en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

A Psicoloxía é, por outra banda, unha disciplina que contribúe ao desenvolvemento dalgúns elementos transversais do currículo, posto que axuda ao coñecemento das propias emocións e porque traballa o contido transversal referente á educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, a competencia emocional, a autoestima e o autoconceito como elementos necesarios para o adecuado desenvolvemento persoal, así como o rexeitamento e a prevención de situacións de acoso escolar, discriminación ou maltrato. Así mesmo, pode axudar a acadar a promoción do benestar, a seguridade e a protección de todos os membros da comunidade educativa. De xeito sinalado, a materia pode contribuír a desenvolver os valores e as actuacións necesarias para o impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como o recoñecemento da contribución de ambos os sexos ao desenvolvemento da nosa sociedade, por canto a psicoloxía estuda, desde o respecto á diversidade, a variedade de comportamentos humanos dependentes de distintos padróns físicos, biolóxicos e/ou culturais.

Unha das finalidades da materia é iluminar o alumnado a respecto das significativas diferenzas entre os seus conceptos intuitivos do que é a Psicoloxía e as achegas máis específicas da Psicoloxía como ciencia, de modo que sexan capaces de profundar nas causas e consecuencias da conduta humana e da construción do seu coñecemento. A materia debe aproveitar as peculiaridades do alumnado como adolescente, explotando o desexo nesta etapa de coñecerse a si mesmo, para entender os procesos psíquicos e socioafectivos polos cales está pasando, e así poder contribuír a que se enfrente mellor ao seu propio desenvolvemento persoal. A través da materia de Psicoloxía, o alumnado ten a oportunidade de realizar experiencias e experimentos didácticos e participativos sobre o modo en que os seres humanos perciben a realidade, a interpretan e actúan en consecuencia, favorecendo, en suma, a construción cooperativa do coñecemento e a aplicación dunha metodoloxía dinámica e colaborativa no grupo.

A materia organízase en seis bloques: «A Psicoloxía como ciencia», «Fundamentos biolóxicos da conduta», «Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria», «Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento», «A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade» e «Psicoloxía social». Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social. En suma, a materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico aplicado ao seu campo de acción, pero tamén, desde unha vertente práctica, como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autocoñecemento, o xenuíno desenvolvemento persoal.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender e valorar a especificidade da psicoloxía como saber científico e metodolóxico, diferenciando as súas facetas teórica e práctica, identificando as súas áreas de aplicación, e recoñecendo o seu carácter unitario entre a enorme variedade de intereses, teorías e escolas que a conforman desde as súas orixes, para xustificar a pertinencia do seu estudo á hora de dar conta da conduta e dos procesos mentais que nos caracterizan como individuos e como humanos.	1-2		1		11-31	1		
OBX2 - Tomar conciencia das bases fisiolóxicas que posibilitan e determinan o noso comportamento e os nosos procesos mentais, e identificar os distintos niveis desa determinación (o xenético, o celular, o anatómico ou o químico) e as estruturas e funcións deses elementos fisiolóxicos, ademais de participar de xeito dialóxico, respectuoso e argumentado, en debates sobre as implicacións éticas, sociais e políticas do grao da devandita determinación en temas como as diferenzas comportamentais entre sexos ou os avances tecnolóxicos na manipulación do xenoma, para afondar e entender con maior criterio o comportamento propio e o dos demais, e para formarse unha opinión propia, reflexiva e fundamentada sobre temas que conforman o panorama de retos que nos presenta este século.	1-2-3-5		1-2-4	1-2-3	40	1-3	2	
OBX3 - Coñecer, distinguir e apreciar a importancia para nosa adaptación ao medio e para a supervivencia dos procesos cognitivos básicos, percepción, atención e memoria, así como a súa interrelación no psiquismo humano, estudando os seus aspectos fundamentais para expresar, comprender e interpretar desde distintas fontes de información, de maneira científica, os devanditos procesos que lle permitirán comprender as bases dos procesos psíquicos superiores, e ser capaz de aplicar as consecuencias do estudo ás súas características persoais.	1-2-3	3	1-2-4	1	20	1		31-41
OBX4 - Definir os procesos cognitivos superiores, analizando que é a psicoloxía cognitiva e, dentro desta, estudando a aprendizaxe, a intelixencia e o pensamento, para comprender como estes procesos nos permiten elaborar a información e acadar unha mellor adaptación ao entorno.	1-2	1	1-2-4	1	40-50	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Comprender como a motivación, a afectividade e a personalidade, así como os diferentes trastornos e mesmo frustracións, contribúen a desenvolver, alterar e construír ao ser humano, coa finalidade de tomar conciencia, con sentido crítico, das habilidades sociais necesarias para adquirir un posicionamento propio ante a realidade e os demais.	1-5	1	2-4	1	11-12-20-31	2-3		
OBX6 - Comprender a perspectiva psicosocial do ser humano atendendo á articulación e interacción entre os procesos individuais e os procesos sociais, axudando a entender e explicar a importancia do contexto social no comportamento do ser humano, coa finalidade de aprender a pensar de maneira crítica sobre as condutas cotiás e valorando como nos vemos a nós mesmos e como afectamos e nos afectan nas relacións cos demais.	5		1-2-4	1	20-31-32	2-4	3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A psicoloxía como ciencia	Definición da psicoloxía e aproximación á súa historia e á súa configuración como disciplina científica.	20	20	X		
2	Fundamentos biolóxicos da conduta	Estudo das bases biolóxicas da conduta humana, abordando de forma introdutoria o estudo do cerebro, o sistema nervioso e o sistema endocrino.	15	19	X		
3	Percepción, atención e memoria.	Estudo do proceso perceptivo, os tipos de atención, os tipos de memoria e as súas alteracións.	15	19		X	
4	Aprendizaxe, intelixencia e pensamento.	Comparación entre as teorías da aprendizaxe e introdución ás teorías da intelixencia, incluíndo a intelixencia emocional e a intelixencia artificial.	15	19		X	
5	Motivación, personalidade e afectividade.	Estudo da motivación, da frustración, dos tipos de personalidade, da emoción e dos afecto. Definición e análise de diferentes psicopatoloxías.	15	20			X
6	Psicoloxía social e das organizacións.	Estudo do proceso de socialización, consecuencias dos roles sociais de xénero na conduta e no pensamento, introdución á	20	19			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Psicoloxía social e das organizacións.	psicoloxía de masas e aplicacións da psicoloxía no mundo laboral.	20	19			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A psicoloxía como ciencia	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.	Define que é a psicoloxía e valora a súa importancia, mediante unha redacción escrita ou unha presentación en vídeo ou audio.	TI	100
CA1.2 - Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, entre outras.	Elabora un esquema coas dimensións, obxectivos, características, ramas e técnicas de investigación da psicoloxía. Realiza unha táboa comparativa entre a psicoloxía e outras ciencias.		
CA1.3 - Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.	Elabora unha táboa que recolla as principais correntes psicolóxicas contemporáneas. Analiza unha serie de documentos (textuais, gráficos ou audiovisuais) de contido psicolóxico, identificando de que problema tratan e relacionando dito problema co estudado na unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O saber psicolóxico. - Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes. - Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e áreas de aplicación. - Obxectivos que caracterizan a psicoloxía. - O desenvolvemento histórico da psicoloxía. - A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX.

Contidos

- A constitución da psicoloxía como ciencia desde finais do século XIX a principios do século XX.
- As distintas teorías psicolóxicas.
- Os métodos de investigación en psicoloxía.
- O método científico.
- A descrición: observación naturalista, estudo de casos, enquisas.
- A investigación correlacional. Correlación e causalidade.
- O método experimental: variables, grupos e mostras.

UD	Título da UD	Duración
2	Fundamentos biolóxicos da conduta	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as células neuronais, a súa estrutura e as funcións das súas partes, mediante esquemas e imaxes, apreciando o papel básico que o impulso neuroeléctrico desempeña como unidade fundamental da que está composto todo proceso psicolóxico, e estimando o papel que xogan no mantemento do sistema neural as células gliais.	Realiza un esquema visual sobre as células neuronais e explica que papel xoga o impulso neuroeléctrico no proceso psicolóxico e que papel xogan as células gliais.	TI	100
CA2.2 - Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, recopilando información de fontes fiables, sintetizándoa de xeito rigoroso, e producindo, de xeito colaborativo e co uso de ferramentas TIC, distintos esquemas e traballos de investigación nos que se distingan as localizacións e as funcións das estruturas que o compoñen e determinan a conduta dos individuos.	En grupos, realiza unha investigación sobre o sistema nervioso central e o encéfalo humano e comparte os resultados mediante unha presentación realizada con medios dixitais.		
CA2.3 - Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.	Analiza algunha das técnicas actuais de investigación do cerebro no ámbito das neurociencias (p. ex. as técnicas empregadas no proxecto Brain).		
CA2.4 - Distinguir a importancia do sistema nervioso periférico como interfaz necesaria na comunicación entre o encéfalo e o resto do organismo, resaltando o papel central do sistema nervioso autónomo na regulación automática e inconsciente das actividades vitais do organismo e dos cambios fisiolóxicos que acompañan aos distintos estados emocionais.	En grupos, realiza unha investigación sobre o sistema nervioso periférico e o papel do sistema nervioso autónomo na regulación das emocións e comparte os resultados mediante unha presentación realizada con medios dixitais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Investigar e resumir a influencia dos distintos neurotransmisores sobre o cerebro, xunto coa relación que gardan os distintos órganos encefálicos co sistema endócrino, comparando así os modos distintivos que teñen as hormonas e os neurotransmisores de preparar ao corpo para todo tipo de reaccións comportamentais.	Elabora un resumo explicativo sobre a influencia dos neurotransmisores e das hormonas no noso comportamento, compárteo co resto da clase e responde ás preguntas dos compañeiros/as.		
CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) impoñen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano	Participa nun debate sobre ata que punto a nosa conduta está determinada pola nosa fisioloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A neurona. - A estrutura da neurona. - O impulso neuroeléctrico e a sinapse. - As células gliais. - O sistema nervioso. - Estrutura do sistema nervioso central e función das distintas partes. - As novas técnicas de imaxe e os avances no coñecemento do encéfalo. - O sistema nervioso periférico. - A química da mente. - Os distintos neurotransmisores. - O sistema endócrino: glándulas, hormonas e conduta. - Xenética e conduta. - O xenoma humano. - O estudo da influencia da xenética na conduta. - Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais. - Implicacións sociais dos avances tecnolóxicos en xenética. - Bases fisiolóxicas das diferenzas condutuais entre sexos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As diferenzas psicolóxicas transculturais. - O papel das hormonas. - O debate sobre as diferenzas na estrutura encefálica. - As teses da psicoloxía evolucionista. - As críticas ao enfoque bioloxicista das diferenzas de xénero.

UD	Título da UD	Duración
3	Percepción, atención e memoria.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender, distinguir e relacionar a sensación e a percepción como procesos cognitivos básicos da información, e analizar en profundidade a percepción identificando a súa importancia para dar significado ao mundo exterior e interior do ser humano.	Explica que diferenza existe entre a sensación e a percepción. Realiza unha análise profunda sobre a percepción e a súa importancia para dar significado ao mundo do ser humano (exterior e interior).	TI	100
CA3.2 - Apreciar na percepción a capacidade para xerar nas alumnas e nos alumnos un sentido estético de achegamento á realidade, e impulsar a súa creatividade artística.	Realiza un diario de reflexións sobre unha serie de experiencias perceptivas que realizaremos (camiñar con ollos pechados, prácticas meditativas, tacto e gusto...): expresando como cambia a súa percepción da realidade.		
CA3 3 - Distinguir e relacionar a atención e a percepción, así como coñecer e identificar os distintos tipos de atención e os trastornos asociados á mesma, analizando os seus trazos fundamentais para poder aplicar o coñecido á nosa estrutura psíquica persoal.	Elabora unha táboa recollendo as diferenzas e conexións entre atención e percepción. Elabora un resumo ou esquema sobre os tipos de atención. En grupos, realiza un listado dos trastornos asociados á atención.		
CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas.	Explica que relación existe entre a atención e a memoria. Realiza unha análise profunda sobre a memoria (principios básicos e teorías, tipos de memoria e esquecemento). Explica como podemos aplicar o coñecemento sobre a memoria ás nosas capacidades para poder melloralas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sensación e percepción. Definición e relación. - Organización da percepción e constancias perceptivas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A percepción de obxectos, do movemento e da profundidade. A Gestalt. - A percepción extrasensorial. As ilusións perceptivas. A percepción subliminar. - Percepción e atención. - Tipos de atención. - Trastornos da atención. - A memoria. Memoria e atención. - Rexistros sensoriais: visual, auditivo e táctil. - Breve aproximación ás teorías sobre a memoria. - A memoria como proceso psicolóxico: codificación, almacenamento e recuperación. - Tipos de memoria. - Memoria a curto prazo ,memoria operativa e memoria a longo prazo. - Memoria episódica, semántica e procedemental. - O esquecemento: factores que interveñen. - Métodos para mellorar o recordo.

UD	Título da UD	Duración
4	Aprendizaxe, intelixencia e pensamento.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Definir que son os procesos cognitivos superiores, incidindo na súa relación coas habilidades cognitivas.	Define da forma máis completa posible que son os procesos cognitivos superiores e que son as habilidades cognitivas.	TI	100
CA4.2 - Explicar en que consiste a aprendizaxe, estudando os principais factores que inflúen nela e as teorías máis importantes.	Define o que é a aprendizaxe e explica por escrito cales son os principais factores que inflúen nela, poñendo exemplos. Realiza unha táboa comparativa recollendo as principais teorías da aprendizaxe.		
CA4.3 - Expoñer que é a intelixencia, explicando os modelos de intelixencia máis relevantes.	Define o que é a intelixencia, explicando os problemas que existen para ofrecer esa definición. Realiza unha táboa comparativa recollendo as principais teorías sobre a intelixencia.		
CA4.4 - Analizar o pensamento desde un punto de vista psicolóxico, explicando os seus tipos.	En grupo, analiza o que é o pensamento e explica oralmente os seus tipos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Definición de procesos cognitivos superiores. - As habilidades cognitivas. - A aprendizaxe. Factores que inflúen na aprendizaxe e teorías da aprendizaxe. - O condutismo e o condicionamento na publicidade, o cognitivismo, e o construtivismo. - Tipos de aprendizaxe. - A intelixencia. - Modelos de intelixencia. - Fases do desenvolvemento da intelixencia. - A medición da intelixencia e o coeficiente intelectual. - O Pensamento. Características e tipos de pensamento segundo a psicoloxía.

UD	Título da UD	Duración
5	Motivación, personalidade e afectividade.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican, e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.	Explica dunha forma completa o que é a motivación (clasificación e relación con outros procesos cognitivos e deficiencias que conducen á frustración). Realiza unha táboa comparativa recollendo as teorías sobre a motivación.	TI	100
CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.	Analiza que factores (xenéticos, ambientais e culturais) inflúen sobre a personalidade. Realiza unha táboa recollendo as teorías sobre a personalidade. Leva a cabo unha valoración sobre os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a adecuada evolución da personalidade.		
CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.	Define o que é unha psicopatoloxía e analiza diversos trastornos mentais describindo os factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados. Analiza a fondo un tipo de psicopatoloxía, describindo os seus factores e determinando que método pode ser máis adecuado para tratala.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o interese do alumnado polo desenvolvemento persoal desta capacidade.	Realiza un recoñecemento dos tipos de afectos e analiza a orixe dalgúns trastornos emocionais. Realiza unha valoración persoal sobre a importancia de desenvolver o coñecemento das propias emocións.		
CA5.5 - Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.	Participa nun debate sobre a importancia das relacións afectivas e sexuais na maduración da persoa, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A motivación. - Teorías sobre a motivación. - Motivación e logros no ámbito educativo e profesional. - A frustración e as súas causas. - A personalidade. - Teorías sobre a personalidade. - Fases da personalidade. - Métodos de avaliación da personalidade. - Consciencia e inconsciencia. - Identidade e autoestima. - Alteracións da conciencia e da personalidade. - Psicopatoloxía e trastornos da personalidade. - A afectividade. - Teorías sobre a afectividade. - As emocións e os trastornos. - Afectividade e sexualidade.

UD	Título da UD	Duración
6	Psicoloxía social e das organizacións.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersonal e no colectivo que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes, das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais.	Identifica e describe por escrito os procesos psicosociais que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais. Explica oralmente como se conforman ditos procesos segundo o documental "El siglo del yo" e deixa a súa reflexión persoal por escrito.		
CA6.2 - Determinar no eido interpersonal os factores psicosociais que inciden na conformidade e a obediencia á autoridade e dentro dos grupos, a atracción interpersonal, as condutas prosociais e antisociais dos individuos e dos grupos humanos, levando a cabo esta determinación dun xeito colaborativo dentro da aula.	En grupos, participa na identificación dos factores psicosociais que inciden nos levan á conformidade, á obediencia á autoridade, á atracción interpersonal, ás condutas prosociais e ás condutas antisociais.	TI	100
CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá.	Participa nunha análise colaborativa dos principios psicosociais do funcionamento dos grupos. A partir dunha serie de lecturas ou vídeos, analiza de forma colaborativa como inflúen unha serie de estereotipos e prexuízos nos nosos comportamentos e pensamentos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A cognición social. - O eu social: autoconcepto e identidade. - Percepción e atribución social. - Influencia social. - Conformidade e obediencia. Influencia do líder. - Impacto emocional das redes sociais. - Actitudes e cambio de actitudes. - Procesos de persuasión. - Comportamento interpersonal. - A atracción interpersonal. - Comportamentos prosociais e antisociais. - Relacións intergrupais. - Estereotipos e prexuízos. Estereotipos de xénero. - Conflito, cohesión e cooperación. - Psicología dos grupos: a polarización grupal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Psicoloxía desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa. En relación coas orientacións pedagóxicas propostas pola ORDE do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta, as liñas de actuación metodolóxica nesta materia serán as seguintes:

O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, que reforzan a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento, e que permitan, en suma, abordar un tratamento integrado das competencias, facendo realidade palpable a construción colaborativa do coñecemento.

A elaboración de tarefas ou situacións-problema, suscitadas cun obxectivo concreto, para resolvelas facendo un uso adecuado de distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

A incentiación dun afán de indagación e necesidade de novos coñecementos a través da capacidade de xeración de curiosidade.

O uso de estratexias para traballar o carácter transversal e práctico, empregando no proceso de ensino e aprendizaxe de xeito asiduo as tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten o acceso a recursos virtuais.

O emprego de metodoloxías activas que procuren un «saber facer» que conecte coas habilidades prácticas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Psicoloxía 2, Ed. Xerais
Taboleiro dixital con recursos variados
Portafolios persoal do alumnado

En cada unidade didáctica, a profesora entregará ao alumnado unha guía onde se explica como se vai avaliar cada tema (é dicir, cales son os criterios de avaliación e as actividades concretas que se deberán realizar, así como a puntuación correspondente a cada actividade). O alumnado deberá organizar e confeccionar o seu propio portafolios cos materiais que vaiamos traballando e elaborando durante o curso. Recoméndase o uso dunha carpeta con follas soltas para poder organizar o material de traballo de xeito que se poidan entregar con facilidade os traballos correspondentes para ser corrixidos). Tamén se poderá realizar o portafolios en formato web ou blog, para ofrecer ao alumnado máis posibilidades de personalización do seu propio proceso de aprendizaxe.

Ademais do libro de texto, nesta materia faremos uso dunha serie de materiais e recursos didácticos variados: materiais audiovisuais como documentais e curtametraxes, recomendacións de filmografía e bibliografía relacionada con cada unidade didáctica, textos variados, novas xornalísticas, páxinas web de interese e todo aquilo que contribúa a ofrecer unha perspectiva ampla, rica e actualizada das investigacións e teorías psicolóxicas que son obxecto de estudo neste curso.

Os materiais e recursos empregados estarán organizados nuns taboleiros dixitais que o alumnado terá á súa disposición na aula virtual do curso de xeito que o alumnado poida acceder a eles tamén fóra da aula e ter máis autonomía á hora de seleccionar os contidos nos que lle interesa profundizar para levar a cabo os seus traballos de investigación e aplicación do aprendido.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten unha finalidade diagnóstica: serve para determinar as capacidades e coñecementos previos do alumnado, así como a súa actitude, motivación ou interese. O propósito desta fase da avaliación é adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás súas características, para asegurarnos de que as medidas de atención á diversidade sexan as correctas e de que a metodoloxía que imos despregar sexa a máis axeitada. A avaliación inicial tamén busca facer ao alumnado consciente dos seus coñecementos previos, necesidades e intereses e espertar neles unha motivación cara á aprendizaxe. A primeira unidade didáctica desta materia permitiranos realizar unha valoración dos coñecementos, destrezas, necesidades, capacidades e actitudes do alumnado. Para a realización da avaliación inicial terase en conta:

A observación sistemática do traballo individual ou colectivo e as actitudes do alumnado, para o cal nos serviremos do caderno docente. Isto dará lugar a que se regule de forma axeitada a xestión grupal da aula. Se non observamos hábitos de traballo colaborativo no alumnado, introduciremos gradualmente diferentes técnicas: parellas, dobres parellas, etc. Dependendo do nivel de conflitividade observado na aula, consideraremos se é necesario establecer de maneira consensuada unhas normas básicas de convivencia ou unha reordenación da ubicación do alumnado na aula.

A corrección de probas específicas deseñadas para medir o nivel de coñecementos previos, incidindo especialmente sobre os contidos máis transversais das materias que teñan que ver coa competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) e coa competencia persoal, social e de aprender a aprender (prestando atención á interacción, ao diálogo e ao recoñecemento e respecto cara os demais), por ser estas as competencias que comportan un maior peso nas materias do Departamento de Filosofía. Dependendo do nivel de desempeño competencial demostrado, reforzaranse técnicas e ferramentas de traballo básicas ou avanzarase máis rápido sobre elas, sen que isto implique restar importancia ao proceso de sentar as bases de traballo en cada unha das materias.

A realización por parte do alumnado dun cuestionario persoal acerca dos seus intereses, metas, expectativas e dificultades de aprendizaxe. Esta ferramenta proporciónanos información sobre como se perciben conscientemente os nosos alumnos e alumnas a eles mesmos, pero non exime dunha observación allea a esa autopercepción para detectar outras posibles necesidades que han de quedar cubertas por un correcto plan de atención á diversidade. A obtención de datos sobre as súas metas ou intereses permitiranos relacionar os contidos da materia con eses intereses particulares, para reforzar a motivación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	15	15	15	15	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

O alumnado deberá confeccionar un portafolios (en papel ou dixital) no que elabore, de forma ordenada, as respostas ás preguntas de cada tema (baseadas nos criterios de avaliación desta programación). Cando as preguntas fagan referencia á realización dunha actividade en grupo, exposición oral ou actividade dixital, no portafolios deberá constar tamén unha referencia a dita actividade en forma de resumo, reflexión metacognitiva (que aprendín con esta actividade?), ou mostra visual (esquema, gráfico ou fotografía). Ao comezo de cada unidade didáctica, o alumnado recibirá unha guía coas instrucións concretas para a realización de cada pregunta. Valorarase que o portafolios sexa completo (que consten todas as preguntas de cada tema), ampliado (que o alumno ou alumna incorpore reflexións e investigacións propias), orixinal (realizado por el ou ela mesma, respectando as normas sobre propiedade intelectual), e que sexa creativo e estea ben presentado (pois ha de entenderse como o produto da nosa aprendizaxe que realizamos, non para nós mesmos, senón para compartir o noso coñecemento cos demais e poder contribuír así á

producción do coñecemento público, introducíndonos así na importante tarefa do traballo de investigación, que resulta fundamental en estudos superiores). Entregarase ao alumnado a rúbrica coa que se avaliará o traballo realizado en cada unidade didáctica. Así mesmo, a profesora gardará tamén unha copia das cualificacións obtidas por cada alumno e alumna en cada unidade didáctica no seu caderno docente.

Plaxiar implica un cero na actividade que conteña plaxio.

Non traballar na aula implica a realización dun exame. O alumnado desta materia ha de comprometerse co traballo diario na aula, aproveitando todas as explicacións, actividades e recursos para nutrir, afondar e ampliar o seu traballo persoal. Esta é a condición fundamental para que a avaliación desta materia funcione tal e como está formulada. No caso de que o alumnado non empregue o tempo das clases para traballar nesta materia e teña un baixo rendemento na aula (por adicarse a realizar tarefas doutras materias ou por negarse a realizar as tarefas propostas nesta materia), o alumnado poderá recibir ata dous avisos en cada avaliación para volver enfocarse no traballo da materia. Ditos avisos quedarán rexistrados no caderno docente, recolléndose por escrito a causa de cada aviso. O terceiro aviso implicará que o alumnado pasará a ser avaliado mediante un exame teórico e escrito ao final da avaliación en cuestión, no que as preguntas corresponderán ás mesmas preguntas recollidas na guía de cada unidade didáctica (isto é, ditas preguntas están baseadas nos criterios de avaliación recollidos na programación da materia). No caso de que algún alumno ou alumna teña que realizar dito exame, a cualificación do mesmo ha de ser igual ou superior a cinco para que se considere positiva.

Para o alumnado que siga a proposta de avaliación consistente na elaboración continua do seu propio portafolios a partir do traballo diario na aula, a cualificación de cada unidade didáctica calcularase a partir das seguintes porcentaxes:

80% PREGUNTAS: Realización das preguntas de cada tema no portafolios. Corrixirase de acordo á rúbrica de cada unidade didáctica.

20% APLICACIÓN: Aplicación do aprendido a obras literarias, cinematográficas, artísticas ou científicas sobre psicoloxía (partindo dunha lista de suxestións, o alumnado acordará o traballo que realizará segundo os seus intereses). O traballo de aplicación (análise, investigación e reflexión) deberá incorporarse tamén ao portafolios. A aplicación consistirá en establecer relacións e conexións entre o aprendido en cada unidade didáctica e a obra seleccionada, explicando de maneira obxectiva esas conexións e aportando tamén as súas reflexións persoais e metacognitivas. Con esta proposta de traballo preténdese que o alumnado personalice o proceso de aprendizaxe desta materia de acordo aos seus propios intereses e ritmos de aprendizaxe. Corrixirase de acordo a unha rúbrica.

Ao final de cada unidade didáctica, o alumnado fixará a data de entrega do portafolios para a súa corrección. Non se aceptará a entrega de traballos fóra do prazo fixado sen causa xustificada.

A cualificación de cada avaliación obterase da nota media entre as unidades didácticas traballadas. Para que a cualificación de cada avaliación sexa positiva o alumnado deberá acadar unha nota igual ou superior a cinco. No caso de que a nota da avaliación sexa inferior a 5 puntos, o alumnado terá dereito a presentarse a un exame de recuperación no que as preguntas corresponderán aos criterios de avaliación recollidos nesta programación.

A cualificación da avaliación ordinaria será a media entre a nota obtida en cada unha das tres avaliacións, independentemente de se se acadou o 5 en cada unha delas. Para que a cualificación da avaliación ordinaria sexa positiva o alumnado deberá acadar unha nota igual ou superior a 5. Se na avaliación ordinaria non se obtén unha nota igual ou superior a 5, o alumnado terá dereito a presentarse ao exame da avaliación extraordinaria de xuño con aquelas unidades didácticas que teña suspensas.

Onde se recollerán as cualificacións do alumnado? Todas as cualificacións obtidas polo alumnado quedarán recollidas nas rúbricas de corrección que se proporcionarán ao alumnado, ademais de no caderno docente.

Criterios de recuperación:

Recuperación de cada unidade didáctica: No caso de que o traballo presentado en cada unidade didáctica mediante o portafolios do alumnado non acade unha cualificación igual ou superior a cinco, indícarase ao alumnado que tarefas debe volver a realizar, explicándolle na aula os erros cometidos e ofrecéndolle unha serie de orientacións e propostas de mellora das que deberá tomar nota.

Recuperación dunha avaliación trimestral: No caso de que a nota da avaliación sexa inferior a 5 puntos, o alumnado terá dereito a presentarse a un exame de recuperación no que as preguntas corresponderán ás mesmas preguntas recollidas na guía de cada unidade didáctica (isto é, ditas preguntas están baseadas nos criterios de avaliación recollidos na programación da materia).

Recuperación mediante a avaliación extraordinaria: Se na avaliación ordinaria non se obtén unha nota igual ou superior a 5, o alumnado terá dereito a presentarse ao exame da avaliación extraordinaria de xuño con aquelas unidades didácticas que teña suspensas. En dito exame, as preguntas corresponderán ás mesmas preguntas recollidas na guía de cada unidade didáctica (isto é, ditas preguntas están baseadas nos criterios de avaliación recollidos na programación da materia).

6. Medidas de atención á diversidade

As actividades que se realizarán nesta materia están pensadas para que o seu desenvolvemento na aula favoreza a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións do alumnado. Os principios que rexirán a atención á diversidade na aula serán os seguintes:

Inclusión: A educación inclusiva debe responder á diversidade de todos os educandos a través dunha maior participación na aprendizaxe e reducir a exclusión.

Normalización: Respecto ás medidas de atención á diversidade, priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador, de maneira que aquelas de carácter máis específico ou extraordinario serán adoptadas cando as anteriores sexan insuficientes.

Flexibilidade: Ditas medidas serán flexibles, polo que ao longo do curso poderán suprimirse algunhas ou adoptarse outras novas, dependendo das necesidades do alumnado, que se atopan en constante evolución.

Colaboración: Debido a esa evolución constante do alumnado, será importante realizar unha avaliación continuada da eficacia das medidas adoptadas, mantendo unha colaboración permanente co Departamento de Orientación do centro, así como cos titores e as familias do alumnado.

Partimos de que entre o noso alumnado existe unha diversidade natural polo que respecta aos seus intereses, motivación, técnicas de estudo e características persoais de todo tipo. Tendo en conta simplemente o nivel de motivación e de rendemento académico, encontraremos diferentes tipos de necesidades ás que responderemos mediante as seguintes medidas:

Enriquecemento curricular: Os contidos serán enriquecidos con material extra que poderá atoparse a través do portal web de recursos ou da aula virtual. Para atender particularmente ao alumnado que presente unha alta motivación cara o estudo ou unha gran capacidade creativa, propoñeremos actividades multi-nivel, nas que se fixarán os requisitos mínimos pero permitiranse diferentes niveis de perfeccionamento. Desta maneira, estamos evitando que este tipo de alumnado teña que realizar tarefas extra: trátase de que todos realicen as mesmas tarefas pero que cada un as desenvolva ao nivel máis axeitado ás súas capacidades, dentro duns requisitos mínimos e xerais para todos.

Actividades de seguimento (plans de reforzo e de recuperación): Os plans de reforzo pretenden ofrecer un apoio personalizado ao alumnado que presente máis dificultades na aprendizaxe dunha materia ou no desenvolvemento dalgunha competencia clave. Implicarán unha secuenciación de actividades durante un tempo determinado e intentarase que o alumnado reflexione de maneira consciente sobre cales son os seus problemas e como poden solucionarse. Respecto aos plans de recuperación, deseñaranse actividades de seguimento para o alumnado que teña que recuperar algún dos traballos realizados ou para o alumnado que teña que recuperar algunha avaliación.

Atendendo ás medidas específicas de atención dirixidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, estas adoptaranse en función da necesidade específica e de acordo ás indicacións do Departamento de Orientación. En todo caso, procurarase que as medidas adoptadas fagan referencia ás diversas situacións de aprendizaxe propostas na aula. Para promover dun xeito máis concreto a mellora das dificultades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, poderemos propoñer, de resultar apropiado, actividades específicas en cada unidade didáctica que sexan de interese e de axuda para mellorar esas necesidades sen que supoñan unha carga extra de traballo.

O Departamento de Filosofía levaría a cabo unha Adaptación Curricular Individualizada logo de ser detectada a necesidade da mesma nunha avaliación psicopedagóxica dun alumno ou alumna en concreto, sempre en coordinación co Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos e o titor/titora correspondente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita fomentando o espírito crítico.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Desartellamento dos prexuízos e estereotipos sexistas.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Creatividade, autonomía e traballo en equipo.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais propostos para traballar nesta materia baséanse nos catro puntos establecidos no Artigo 19 (Elementos transversais) do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais deses elementos transversais, o Departamento de Filosofía comprométese traballar para o cumprimento dos obxectivos xerais do noso Proxecto Educativo: superar o illamento derivado da situación xeográfica e conseguir unha apertura cara a outras realidades; aprender a respectar a pluralidade lingüística e cultural no mundo; asegurar a igualdade efectiva na educación; conseguir que as relacións na comunidade educativa (co entorno, entre as persoas, coas familias, co medio xeral...), estean baseadas no respecto e na convicción de estar gozando dun servizo público do que todos e todas somos responsables; fomentar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa no desenvolvemento das actividades do centro; combater a baixa autoestima e a falta de motivación do alumnado; superar os estereotipos sexistas; respectar o carácter aconfesional do centro; facilitar unha formación que permita a incorporación a unha sociedade de dereito; e propiciar o bo uso das TIC.

En canto aos obxectivos do PEC relacionados coa convivencia, dende o Departamento velarase polo seu cumprimento, tratando de fomentar o coñecemento dos nosos dereitos e deberes como membros dunha comunidade educativa, o respecto polos espazos públicos e polos bens e materiais de uso común que temos no centro, e a conciencia ante a necesidade de expresarse sen facer uso da violencia verbal e sabendo diferenciar os ámbitos e rexistros coloquiais dos académicos e profesionais.

Sempre que sexa posible, o Departamento de Filosofía tratará de colaborar con outros departamentos do centro para traballar de maneira interdisciplinar estes elementos transversais ao longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non se contemplan actividades complementarias para esta materia.	Non procede.	X	X	X

Observacións:

Non se contemplan actividades complementarias para a materia de Psicoloxía neste curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Unidades didácticas realmente traballadas en cada trimestre / Porcentaxe dos contidos traballados en cada unidade /Número de sesións adicadas a cada unidade
Metodoloxía empregada
Dificultades atopadas coa metodoloxía / Grao de satisfacción do alumnado coa metodoloxía empregada
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Dificultades atopadas coa xestión do espazo na aula e cos recursos empregados / Grao de satisfacción do alumnado cos recursos
Medidas de atención á diversidade
Necesidades atopadas e avaliación da idoneidade das medidas adoptadas
Clima de traballo na aula
Nivel de participación e de benestar emocional observado no alumnado / Grao de satisfacción do alumnado co clima de traballo xerado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Dificultades atopadas na comunicación e colaboración co resto do equipo docente e coas familias / Propostas de mellora suxeridas

Descrición:

Para levar a cabo o seguimento e a avaliación do proceso de ensino teranse en conta tanto os resultados obtidos polo alumnado nas diversas unidades didácticas, como o desenvolvemento da propia práctica docente. A avaliación da práctica docente terá un carácter continuo e apoiarse nos datos obtidos a través da folla de cálculo dixital que recolle as cualificacións obtidas polo alumnado; do caderno docente, no que se rexistran as continxencias e dificultades atopadas semanalmente; e dos cuestionarios realizados polo alumnado ao termo de cada unidade didáctica. Con carácter trimestral cubrirase unha folla de seguimento da programación didáctica, na que se revisarán os seguintes aspectos:

Planificación das unidades didácticas: Rexistraranse as unidades didácticas traballadas durante o trimestre, a porcentaxe dos contidos de cada unidade que se traballaron e a adecuación da temporalización programada para cada unidade didáctica. Anotarase as continxencias ou dificultades atopadas, realizando suxestións de mellora.

Resultados: Indicarase o número de alumnos e alumnas que non superan os criterios de avaliación mínimos. Respecto ao alumnado que si supera os criterios de avaliación mínimos, indicarase o grao medio de adquisición das competencias a nivel de grupo (datos que se extraerán da folla de cálculo dixital). Indicarase os posibles problemas detectados e as suxestións de mellora propostas.

Atención á diversidade: Recolleranse as medidas ordinarias e específicas adoptadas que sexan susceptibles de ser melloradas, e as novas necesidades que foran detectadas, xunto coas posibles medidas que se propoñan para resolver esas novas necesidades.

Metodoloxía, actividades, recursos e avaliación: Para estes apartados, teranse en conta os cuestionarios de avaliación da práctica docente realizados polo alumnado, incorporando o grao de satisfacción medio indicado, as continxencias ou dificultades atopadas e as suxestións de mellora propostas.

As propostas de mellora da programación poderán ser levadas á práctica durante un determinado período de proba, especificando se os resultados acadados con dita posta en práctica son ou non satisfactorios. Por último, recolleranse tamén as modificacións requiridas na programación para o vindeiro curso académico.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para levar a cabo a avaliación da práctica docente realizarase unha avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe (procesual) e unha avaliación da consecución dos obxectivos (final).

A avaliación procesual levarase a cabo durante o desenvolvemento das unidades didácticas do curso e servirá para detectar e corrixir as posibles dificultades que se atopen durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como para comprobar se o camiño cara a consecución das competencias é satisfactorio ou se é necesario realizar algún tipo de axuste como cambiar aspectos relativos á metodoloxía, á planificación e desenvolvemento das actividades, ou á avaliación das mesmas. Tamén servirá para comprobar se o plan de atención á diversidade é axeitado ou se é necesario ter en conta factores engadidos. O caderno docente servirá como instrumento para realizar este tipo de avaliación.

Por outra parte, a avaliación final respecto da consecución dos obxectivos levarase a cabo ao remate de cada avaliación trimestral e ao remate da avaliación ordinaria e servirá para valorar os resultados acadados polo alumnado respecto á consecución das competencias clave. O cómputo dos resultados acadados atendendo ás cualificacións obtidas polo alumnado irá acompañado dunha valoración das dificultades atopadas e dos posibles procesos de mellora da práctica docente para que melloren ditos resultados.

O alumnado participará na avaliación da práctica docente: ao finalizar cada avaliación, realizará un cuestionario (deseñado mediante un formulario en liña) con preguntas acerca da metodoloxía, actividades, recursos e avaliación.

9. Outros apartados